



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA SOBRE A FORMA DE ESTABLECER AS QUENDAS ROTATORIAS PARA ATENDER OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS POLA CRISE MOTIVADA POLO CORONAVIRUS (COVID-19)

En atención ás distintas incidencias e consultas motivadas sobre a forma de implementar as quendas rotatorias, pronúncianse as seguintes instrucións:

1. A falta de funcionarios voluntarios e existindo falta de consenso (ou outro tipo de incidencias) sobre a quen lle corresponde por quenda alfabética de apelido a prestación dos servizos esenciais, empezando pola letra A, os funcionarios serán determinados polos letrados da Administración de Xustiza en aplicación do artigo 452.3 da LOPJ; no caso da Fiscalía Fiscal Superior o seu titular e os Fiscais Xefes Provinciais, así como no IMELGA a súa directora.
2. Para establecer ditas quendas rotatorias, así como as substitucións para que ditos mínimos queden cubertos, quedarán excluídas aquelas persoas que solicitasen permiso por cumprimento de deber inescusable para a atención de menores ou maiores que estean baixo a súa dependencia, o que se deberá xustificar no seu momento coa documentación oportuna.
3. O persoal que non se atope prestando servizos esenciais estará ao dispor do seu órgano facilitando o seu número de teléfono móbil ou outra forma de contacto ao responsable do mesmo por se, ante calquera vicisitude, fóra necesario completar o persoal.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2020

A dirección xeral de xustiza

